



Estimadas familias:

Como xa saberán, a Consellería de Educación anunciou a semana pasada o adiamento nunha semana do inicio de curso en Secundaria, en concreto aos días 23, 24 e 25 de setembro.

Co novo calendario mantense a distribución por cursos no inicio escalonado. Así, os alumnos de 1º e 2º da ESO, os de 1º de Bacharelato e os de 1º de FP Medio e Superior, que inicialmente comezarían as clases o vindeiro mércores 16, farano o mércores 23; mentres que os de 3º da ESO, de 2º de Bacharelato e de 2º de FP Medio e Superior, que volvían ás aulas o xoves 17, regresarán finalmente o xoves 24. Os estudantes de 4º da ESO e FP Básica, que comezarían as clases o venres 18, farano o venres 25.

Para asegurar unha presentación graduada por mor da emerxencia sanitaria, establécense os seguintes horarios para a recepción do alumnado e a benvinda ao curso 2020-2021:

## **INICIO DE CURSO 2020-2021**

A presentación efectuarase por parte do Equipo Directivo e dos titor-as de cada GRUPO/NIVEL no Salón de Actos cada un no día e na hora abaixo indicada. Deberán seguir o protocolo estipulado para entrar polo exterior do Salón de Actos (esperando no Parking os que entren ás 8:30 ou no Patio Interior os que entren ao resto de horas), de 1 en 1, hixienizando as mans á entrada e deben portar mascarilla protectora homologada.

Unha vez feita a presentación, trasladaranse de xeito individual a súa aula para entregarlles os libros de textos (si é posible), explicarlle as normas e o protocolo COVID19 para este curso. A continuación darán comezo as clases de xeito ordinario na ESO e FP Básica, excepto os Bacharelatos que comezaran ao día seguinte da presentación.

Os alumnos non poderán ser acompañados dentro do centro polo seus pais, nais nin titores legais. Se houber algún problema, dúbida ou consulta deberán chamar por teléfono e pedir cita para ser atendidos.

### **DÍA 23, MÉRCORES: RECEPCIÓN ALUMNADO 1º E 2º DA ESO; 1º BACH.**

#### **ÁS 08:30 HORAS:**

**RECEPCIÓN ALUMNADO DE 1º DA ESO**

#### **ÁS 11:00 HORAS:**

**RECEPCIÓN ALUMNADO DE 2º DA ESO**

#### **AS 13:00 HORA:**

**RECEPCIÓN ALUMNADO DE 1º DE BACHARELATO**

- POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO E DOS RESPECTIVOS TITORES/AS.
  - Distribución dos grupos no SALÓN DE ACTOS. Comunicación aos alumnos/as do seu titor/a. Entrega dos horarios e asistencia ás aulas cos titores.
  - Clases a partir da presentación excepto 1º de bacharelato que será ao día seguinte ás 08:30.
- Habrá transporte escolar ordinario (Chegada ás 8:30h e Saída as 14:10h).



## DÍA 24 XOVES: RECEPCIÓN ALUMNADO 3º DA ESO E 2º DE BACHARELATO

### ÁS 08:30 HORAS:

#### RECEPCIÓN ALUMNADO DE **3º DA ESO**

### AS 12:30 HORA:

#### RECEPCIÓN ALUMNADO DE **2º DE BACHARELATO**

- POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO E DOS RESPECTIVOS TITORES/AS.
  - Distribución dos grupos no SALÓN DE ACTOS. Comunicación aos alumnos/as do seu titor/a. Entrega dos horarios e asistencia ás aulas cos titores.
  - Clases a partir da presentación excepto 2º de bacharelato que será ao día seguinte ás 08:30.
- Haberá transporte escolar ordinario (Chegada ás 8:30h e Saída as 14:10h).

## DÍA 25, VENRES: RECEPCIÓN ALUMNADO 4º DA ESO E FP BÁSICA.

### ÁS 8.30 HORAS:

#### RECEPCIÓN ALUMNADO DE **4º DA ESO**

### ÁS 10.30 HORAS:

#### RECEPCIÓN ALUMNADO DE **FP BÁSICA 1º E 2º**

- POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO E DOS RESPECTIVOS TITORES/AS.
  - Distribución dos grupos no SALÓN DE ACTOS. Comunicación aos alumnos/as do seu titor/a. Entrega dos horarios e asistencia ás aulas cos titores.
  - Clases a partir da presentación de cadanseu grupo.
- Haberá transporte escolar ordinario (Chegada ás 8:30h e Saída as 14:10h).

## NORMAS DE ENTRADA E SAÍDA E DE HIXIENE BÁSICA

### A ENTRADA

- Antes de saír da casa, a familia do alumnado realizará unha exploración para verificar que o alumno/a non conta con síntomas compatibles COVID-19. ( Anexo I do protocolo da Consellería. Darémoslle unha copia a cada alumno o día da presentación).
- O alumnado deberá traer mascarilla homologada posta e unha de reposto.
- Segundo se chegue ao centro, o alumnado entrará escalonado seguindo as instrucións do profesorado de garda, acudindo con puntualidade.



- Evitaranse ás aglomeracións na contorna do centro. As entradas serán únicas e estarán habilitadas por curso/grupo (indicaráselle na presentación), respectando á distancia de 1,5 m. O alumnado subirá directamente ás aulas e non permanecerá nos patios e e/ou corredores.
- As familias non poderán acompañar ao alumnado ao interior do edificio nin deterse para establecer unha conversa co profesorado que está atendendo á recollida do alumnado.

## NO INTERIOR DO COLEXIO

- Transitarase polos circuítos sinalados polos corredores.
- Haberá carteleira e sinalética en todo o centro lembrando as normas básicas.
- Manterase á distancia social nos desprazamentos.
- Os grupos tanto de secundaria, como en bacharelato e FP terán consideración de “grupos burbulla” ou convivencia estable. Todos os pupitres colocaranse en liña mirando cara o profesorado.
- O alumnado deberá permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.
- Nas entradas e saídas da clase botarase á solución hidroalcohólica que estará dispoñible en tódalas aulas.
- Evitarase o contacto físico.
- Evitarase tocarse ollos, nariz ou boca.
- Evitar tocar superficies comúns.
- Ao tusir cubrirse o nariz e boca co antebrazo ou empregar panos desbotables que se tiraran de forma inmediata ás papeleiras con pedal e tapa.
- O alumnado poderá traer unha pequena botella de auga co seu nome que gardaran nas mochilás.
- Non se fará uso das duchas dos vestiarios.
- O ascensor so poderá ser usado por prescrición médica.
- O material escolar será de uso individual e non poderá ser compartido. Ao centro levarase o material mínimo indispensable.
- Reforzarase o servizo de limpeza.
- Ventilaranse ás clases periodicamente (sempre que a climatoloxía o permita, as fiestras estarán abertas o máximo tempo posible) e ao inicio e remate de cada sesión, polo que o alumnado deberá vir ben abrigado.
- Faranse quendas de recreo escalonadas no que cada aula terá un espazo asignado no patio.

## A SAÍDA

- Estableceranse quendas para saír anticipadamente uns minutos para non provocar aglomeracións en pasillo e portas.
- O alumnado sairá por orde e cunha separación de 1,5 metros.
- De haber persoas responsables da recollida do alumnado estará atenta para realizala de xeito áxil e que non entorpeza o paso do resto do alumnado. Evitaranse ás aglomeracións ou quedar nas beirarrúas.



## COMUNICACIÓN FAMILIA-COLEXIO

- A comunicación familia-colexio será preferentemente á través do teléfono 988 788548 / 988 788549, páxina web, Aula Virtual, Espazo Abalar Familias e correos electrónicos da Aula Virtual.
- As familias deberán informar ao profesorado titor do alumnado con patoloxías previas ou vulnerables.
- As etapas de Secundaria e FP Básica son obrigatorias e ás familias teñen a obriga de enviar aos seus fillos e fillas ao centro, salvo naqueles casos de sospeita de síntomas compatibles coa COVID-19, contaxios ou ben por circunstancias de saúde do alumnado ou dalgún membro da unidade familiar que conviva co menor que desaconselle á asistencia presencial a cal deberá ser, en todo caso, comunicada ao profesorado titor.

## SERVIZO DE COMEDOR

- Prestarase o servizo de comedor desde o inicio do curso.
- Respectaranse as medidas hixiénico sanitarias segundo establece á normativa.
- Se non é posible facer un único servizo de comedor, haberá ao menos dúas quendas.
- Habilitaranse postos fixos para cada alumno e alumna.
- Ampliarase información ás familias usuarias deste servizo nos vindeiros días.